



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Paula Ares Otero, Secretaria-Interventora do Concello de Lousame (A Coruña) do que é Alcaldesa, dona María Teresa Villaverde Pais

CERTIFICA: Que na **sesión plenaria extraordinaria e urxente (sesión organizativa)** que tivo lugar o día **4 de xullo de 2019** adoptouse entre outros o seguinte acordo, que se transcribe dun xeito literal, salvo erro ou omisión involuntarias, e sen prexuízo do que resulte da aprobación definitiva da acta:

5) APROBACIÓN DA COMPOSICIÓN E DENOMINACIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES E ESPECIAIS.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por sete (7) votos a favor (emitidos polos concelleiros do GPM do PP) e catro (4) abstencións (emitidas polos concelleiros do GPM do PSdG-PSOE e GPM Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte **ACORDO:**

<< Antecedentes Administrativos:

Logo de ver a constitución da nova Corporación para o mandato 2019-2023, en virtude da sesión especial que tivo lugar o 15 de xuño de 2019, como consecuencia das eleccións locais convocadas polo Real Decreto 209/2019, do 1 de abril (BOE do 2 de abril), é procedente determinar o novo réxime de organización e funcionamento do Concello de Lousame.

Lexislación Aplicable:

1. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
2. Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA)
3. Regulamento Orgánico Municipal, BOP núm. 294 do 22.12.2007 (ROM)
4. Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)

Fundamentación xurídica:

O artigo 20.1.c) da LRBRL sinala que nos municipios de menos de 5.000 habitantes, se así o dispón o seu ROM ou o acorda o Pleno, existirán órganos que teñan por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que deban ser sometidos á decisión do Pleno, así como o seguimento da xestión da Alcaldía, a Xunta de Goberno Local e os concelleiros que ostenten delegacións, sen prexuízo das competencias de control que lle corresponden ao Pleno. Todos os grupos políticos integrantes da Corporación terán dereito a participar en ditos órganos, mediante a presenza de concelleiros pertencentes aos mesmos, en proporción ao número de concelleiros que teñan no Pleno.

O artigo 20.1.e) da LRBRL preceptúa que a *Comisión Especial de Contas* debe existir en todos os municipios, independentemente da súa poboación.

O artigo 124 do ROF establece que as Comisións Informativas poden ser permanentes ou especiais. As primeiras son as que se constitúen con carácter xeral, distribuíndo entre elas as materias que deben someterse a coñecemento do Pleno. As Comisións Informativas Especiais son aquelas que se constitúen para un asunto concreto, e se extinguen unha vez ditaminado ou informado o dito asunto; salvo que no acordo plenario se dispoña outra cousa.

O artigo 11.1.e) do ROM sinala que os órganos básicos do Concello de Lousame son as Comisións Informativas Permanentes, a Comisión Especial de Contas e que o Pleno poderá crear Comisións Informativas Especiais.

Sendo que o artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF) preceptúa que dentro dos 30 días seguintes ao da sesión constitutiva o alcalde convocará sesión extraordinaria a fin de resolver sobre unha serie de asuntos entre os que se atopa a creación e composición das comisións informativas permanentes. O seu réxime xurídico está contemplado nos artigos 123 a 127 do ROF.

O artigo 68.5 por remisión ao 66.2 da LALGA sinala que o número de membros de cada comisión informativa será proporcional á súa representatividade no Concello ou igual para cada grupo político municipal. No último caso aplicarase o sistema do voto ponderado. Esta mesma regulación é a que se recolle no ROM de Lousame, no artigo 57.

A Xurisprudencia plantexa bastantes reticencias á hora de admitir o voto ponderado (STS do 28 de novembro de 1995, STS de 30 de novembro de 1995) Incluso o Tribunal Constitucional declarou (sentencias 30/1993 de 23 de xaneiro e 32/1985 de 6 de marzo) que non é admisible constitucionalmente unha composición non proporcional das Comisións Informativas xa que, ao ser divisións internas do Pleno, deben reproducir en canto sexa posible a estrutura política deste. Así co sistema do voto ponderado é certo que nos acordos permitiríase alcanzar a dita proporcionalidade, pero só no aspecto funcional da adopción do acordo, non no da súa estrutura ou no da súa composición.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A Xurisprudencia considera que as comisións informativas son órganos sen atribucións resolutorias que teñen por función o estudo, informe ou consulta dos asuntos que deban ser sometidos á decisión do Pleno (ou Xunta de Goberno Local cando esta actúa con competencias delegadas do Pleno) para concluír que o sistema do voto ponderado adoptado non serve para respectar o mandato de proporcionalidade nuns órganos nas que o esencial é a proporcionalidade estrutural ou de composición e non a funcional ou deliberativa. Esta liña xurisprudencial respecta do mesmo xeito o estatuto individual dos concelleiros así como o principio de voto persoal e indelegable que deriva do artigo 99.5 en relación co artigo 138 do ROF.

Ademais resulta incuestionable que non se pode vulnerar o principio que se deduce dos artigos 20.3, 46 e 47 da LRBRL que impide que nas Comisións Informativas como no Pleno os concelleiros poidan estar representados por outros para poder computar os quórumos necesarios para a constitución ou decisión, posto que o voto dos concelleiros é persoal e indelegable; e isto é así, incluso desde a perspectiva do artigo 23.2 da Constitución Española.

De conformidade coa normativa exposta e a xurisprudencia sinalada, o Pleno Corporativo **ACORDA:**

Primeiro. Constituír a seguinte Comisión Informativa Permanente:

→ ***Comisión Informativa dos Asuntos de Competencia Plenaria***

A Comisión Informativa Permanente ten como función o estudo, informe ou consulta dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno e da Xunta de Goberno Local, cando actúe con competencias delegadas do Pleno; e todo isto, salvo que deban adoptarse acordos declarados urxentes. Tamén informará aqueles asuntos da competencia propia da Xunta de Goberno Local ou do Alcalde cando lle sexan sometidos os mesmos ao seu coñecemento por expresa decisión daqueles.

Segundo: En relación ás Comisións Informativas Especiais, existirá a seguinte:

→ ***Comisión Especial de Contas***

Á Comisión Especial de Contas, prevista no artigo 116 da LRBRL, correspóndelle o exame, estudo e informe de tódalas contas orzamentarias e extra orzamentarias que debe aprobar o Pleno da Corporación, de acordo co establecido na lexislación de réxime local.

Terceiro. A composición de cada Comisión Informativa (permanente e especial) será a seguinte:

- Presidencia: A Alcaldesa (Partido Popular)
- 3 representantes do Partido Popular.
- 2 representantes do PSdG-PSOE.
- 1 representante do Grupo Mixto



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A adscrición concreta a cada comisión, dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo político, realizarase mediante escrito do voceiro do grupo político dirixido a Alcaldía e do que se dará conta ao Pleno Corporativo. Poderá designarse, de igual xeito, os suplentes de cada titular.

A Alcaldesa é a presidenta nata das Comisións Informativas; sen embargo, a presidencia efectiva da Comisión Informativa poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión Informativa, trala correspondente elección efectuada no seu seno.

Cuarto. A Comisión Informativa Permanente realizará reunións ordinarias con periodicidade bimensual, ao longo dos meses naturais impares, sempre e cando existan asuntos que se deban ditaminar ou informar, e alomenos antes da convocatoria do Pleno da Corporación. Ditas sesións ordinarias terán lugar no día e hora que estableza a Alcaldía da Corporación na convocatoria, tal e como preceptúa o artigo 134 do ROF.

Do mesmo xeito, poderán ter lugar sesións extraordinarias ou urxentes, cando existan asuntos que sexa preciso informar ou ditaminar. O seu funcionamento axustarase ao disposto no capítulo II do título IV do ROF (artigos 134 a 138)

Quinto. A Comisión Especial de Contas realizará reunión ordinaria con periodicidade anual, sempre e cando existan asuntos da súa competencia que deba ditaminar ou informar. As sesións terán lugar no día e hora que estableza a Alcaldía da Corporación na convocatoria, tal e como preceptúa o artigo 134 do ROF.

Sexto. Requirir aos diferentes grupos políticos municipais para que no prazo de cinco (5 días hábiles) comuniquen o nome dos concelleiros/as que adscribirán a cada comisión informativa e do suplente ou suplentes de cada un deles>>>

E para que así conste, e aos efectos oportunos, emítese o presente, co visto e praxe da Alcaldía, en Lousame na data da sinatura dixital

Visto e Praxe

A Alcaldesa
M^a Teresa Villaverde Pais

A Secretaria-Interventora
Paula Ares Otero